

ANUNCIO

Convocatoria en orde á selección de persoal laboral para ocupar, con carácter temporal, un (1) posto de Operario condutor do vehículo motobomba do Concello de Paradela, a xornada completa.

Lugar e prazo de presentación de solicitudes: No Rexistro Xeral do Concello de Paradela, en horario de 9:00 horas a 14:00 horas de luns a venres, poderanse así mesmo, remitir na forma determinada no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de 2 días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no taboleiro de anuncios do Concello de Paradela e na súa páxina web www.paradela.es. Cando as solicitudes se presenten fora do rexistro do Concello de Paradela, co fin de axilizar os trámites, deberase remitir antes da data de expiración do prazo unha comunicación por fax ao Concello de Paradela (982541232) ou ao correo electrónico concello.paradela@eidolocal.es comunicando a presentación da solicitude, co selo de Correos ou do rexistro correspondente; sen este requisito a solicitude non será admitida en ningún caso.

As bases íntegras, así como as sucesivas publicacións, terán lugar unicamente no taboleiro de anuncios do Concello de Paradela e na súa páxina web (www.paradela.es).

**Paradela, na data da sinatura electrónica ao marxe.
O Alcalde-Presidente
Documento asinado ao marxe electronicamente**

